



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 10 DE OCTUBRO DE 2022. (EXPEDIENTE 2022/G010/000008).

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, a secretaria Dna. Marta Vázquez Garea e o interventor municipal D. Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP).

Concelleiros:

Asisten:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP).

Dna. Patricia Bello Canedo (PP).

D. Xosé Alberto Blanco Veiga (PP).

Dna. Rocío López Rey (PP).

D. Ramiro Bello Recouso (PP).

Dna. Begoña Domínguez Patiño (PP).

Dna. Cristina Vieites Calvo (PP).

Dna. Adelina Liste Monelos (PP).

D. Pablo Cambón Bértoa (PP).

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras (PSOE).

Dna. María Pilar Neira Martínez (PSOE).

D. José Martínez Ageitos (PSOE).

Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE).

D. Xoán Manoel Sande Muñiz (BNG).

Non asisten: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG). D. Jesús Souto Pena (PP).

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade.

1.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE AS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA CONFORME AO ARTIGO 218 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.-



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL 2021.

Formada a Conta Xeral do exercicio 2021, así como os anexos e documentos xustificativos de acordo co disposto nos artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nas Regras 97 e 98 da Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, polo que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

Emitido informe de Intervención.

Na queda de intervencións o voceiro do BNG pon de manifesto que no punto anterior chaman a atención os reparos en contratos por ausencia de trámites. Solicita explicación.

Do mesmo xeito se pronuncia a voceira do PSOE.

O alcalde indica que se trata de reparos en contratos de subministros eléctricos. Iniciouse o procedemento para licitar coa FEMP e quedou aí, pero sacarémolo. Tamén o tema da telefonía.

Rematadas as intervencións e considerando o establecido no artigo 212 da do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o disposto no artigo 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Presidencia, cos votos a favor dos membros do grupo municipal do PP e as abtencións dos membros dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE, o **PLENO ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar e, por conseguinte, ditaminar favorablemente a Conta xeral do exercicio 2021, así como os seus anexos e xustificantes.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 212.3. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, proceder a exposición pública do expediente mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días, durante os cales e oito mais os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

TERCEIRO: Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo”

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA HARMONIZA: CONCILIANDO NA LARACHA.-

Elaborada a ordenanza reguladora do programa HARMONIZA: CONCILIANDO NA LARACHA, foi sometida a consulta previa de conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, respecto da cal a



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

funcionaria encargada do rexistro informa que non se teñen presentado suxerencias e/ou alegacións. Emitido informe proposta pola secretaría do Concello o 15/03/2022.

Por outra banda, tendo en conta o previsto polo art. 133.4 da Lei 39/2015, cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro.

É necesario modificar a dita ordenanza no referente ao horario de prestación do servizo durante os períodos de vacacións escolares, debido a que figura o horario de 8:00 a 14:00 e vista a demanda das persoas usuarias faise necesario ampliar o horario do servizo de 7:00 a 14:00, polo que o artigo 2 “**prestación do servizo**”, apartado 3, quedaría como segue: “*Prestarase o servizo en horario de 7:00 a 14:00 durante os períodos de vacacións escolares (Nadal, Entroido, Semana Santa e Verán), previa solicitude*”.

Asímesmo é necesario modificar a dita ordenanza con respecto ao número máximo de prazas dispoñibles para o CEIP Otero Pedrayo durante o curso escolar e na etapa das vacacións escolares, debido a que figuran 80 prazas e vista a demanda das persoas usuarias neste centro escolar e o número de alumnos e alumnas matriculadas faise necesario ampliar o número a 120 prazas, polo que o artigo 2 “**prestación do servizo**”, apartado 6, quedaría como segue: “*O número máximo de prazas dispoñibles para cada centro educativo durante o curso escolar e na etapa das vacacións escolares queda establecido do seguinte xeito:*

- *CEIP Otero Pedrayo: 120 prazas.*
- *CEIP Alfredo Brañas: 35 prazas.*
- *CEIP Caión: 20 prazas.*
- *Período de vacacións escolares: 120 prazas”.*

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, foi aprobada polo Pleno definitivamente en sesión ordinaria de 27 de maio de 2022 e publicada no BOP do 16 de xuño de 2022.

En virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cos votos a favor da unanimidade dos membros presentes O PLENO **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza municipal REGULADORA DO PROGRAMA HARMONIZA: CONCILIANDO NA LARACHA

SEGUNDO. Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta día* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 13:41 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, a secretaria, dou fé.

A secretaria,

O alcalde-presidente,